

ROGO DE AER RELATIVO A VARIOS TEMAS. (Rex. Entrada 24.10.2017, 2017-E-RPLN-7)

PLENO 26 OUTUBRO 2017. ACTA 012/2017

5.- ROGO REITERATIVO SOBRE EQUIPAMENTO E FORMACIÓN DA POLICÍA LOCAL PARA O CONTROL DE RUÍDOS

En outubro de 2015 AER presentaba o seguinte rogo no pleno do Concello de Redondela. Un rogo que naquelas datas, o alcalde collía o compromiso de cumprir, pois segundo afirmaba nese pleno a policía non estaba formada para medir e controlar a contaminación acústica tal e como demandaba AER. As palabras ao final quedaron no esquecemento e dous anos despois deste rogo a veciñanza de Chapela padeceu e padece de cheo os ruídos ocasionados polas obras da ampliación da ap-9 en horario nocturno. Escoitamos varias veces o longo destes anos ao equipo de goberno falar dun “plan estratéxico de ruídos” ou algo polo estilo, pero a realidade é que o tempo pasa, mentres a veciñanza sofre os derradeiros despropósitos das obras da ap-9, sen que o seu concello fixera unha soa medida oficial dos ruídos ocasionados polas obras da ap-9. Por todo o exposto volvemos a traer o mesmo rogo presentado no a finais do ano 2015 e concienciar ao goberno local de que a contaminación acústica combatese con medios e formación.

Sobre o equipamento e formación da Policía Local para o control de ruídos.

Falar de ruído en Redondela non é tan só, falar de locais que teñen a música alta ou veciños que molestan a outros. Por desgraza falar de ruído neste concello é falar das obras que mantén o ministerio de fomento, neste municipio asoballado de infraestruturas. Sabeo ben a veciñanza do val do maceiras e Negros, que sufriu un calvario cos obras do AVE. Un calvario que este goberno local non tratou como foi debido. Agora cos obras da AP-9 e a previsión de Audasa de traballar de noite na ponte de Rande. O concello ten que poner ferramentas para que os ruídos das obras non fagan un calvario a vida dos afectados directos por estas obras que durarán anos. Ata o momento cada vez que hai unha chamada a policía local dun cidadán que ten problemas con ruídos de terceiros, a patrulla que acude levanta un atestado pero non pode certificar os decibelios por carecer dos aparatos e a formación axeitada. Polo que o concello ten que contratar a unha empresa privada para certificar o ruído ocasionado. Unha contratación que en moitos casos é cara e escasa.

Despois de informarnos de que o custo do equipamento non é moi elevado e que a formación dos axentes pódese realizar de forma gratuíta na Academia Galega de Policía e polo anterior exposto.

Rogamos que o goberno local adquiera o equipamento necesario para a medición de ruídos. Mandar axentes da policía local a Academia Galega de Policía para que obteñan a formación necesaria que lles faculte para realizar e asinar informes oficiais homologados relacionados coa contaminación acústica.

O sr. González di que foi atendido este rogo en outubro de 2015. O primeiro curso que fixo a academia despois foi o 15 de novembro de 2016 e o seguinte en xuño de 2017. Nesas dúas datas non poidemos enviar a membros da policía porque estabamos coas horas extras. Tiñamos que cubrir o servizo.